

A TRADUCIÓN COMO PONTE CULTURAL OU COMO UNHA VIAXE A TRAVÉS DA MENTE DOS LECTORES? A RECEPCIÓN DAS TRADUCIÓNS AO INGLÉS DAS OBRAS DE MANUEL RIVAS E DOMINGO VILLAR¹

Laura Linares

University College Cork

Laura.linares@ucc.ie

[Recibido 24/04/20; aceptado 04/07/20]

Abstract

The reader of translations has gained increasing attention in Translation Studies in recent years, with more focused studies looking into the reception of translated works either through textual analysis of reviews (Zhao 2009, Bielsa 2013, D'Egidio 2015, Saldanha 2018) or the analysis of interviews and focus groups with real readers (Arnold 2016). The reception of works by anglophone readers, in particular, has raised interest among scholars who wish to understand the expectations and patterns of literary consumption by a hegemonic, central culture.

This article explores how Galician writers Manuel Rivas and Domingo Villar's work is perceived and re-constructed by an anglophone readership through an analysis of professional (press) reviews and semi-professional (blog) reviews based on the homogenization-heterogenization-exoticism continuum posited by Saldanha (2018).

Keywords

Reception, readers, cultural representation, translated fiction

Resumo

Nos últimos anos, os estudos de Tradución veñen vendo un aumento no interese sobre o lectorado de traducións, presente en estudos centrados na recepción de obras traducidas ben sexa a través dunha análise textual de recensións (Zhao 2009, Bielsa 2013, D'Egidio 2015, Saldanha 2018) ou de estudos realizados a través de entrevistas e grupos de lectura con lectores reais (Arnold 2016). En concreto, a recepción de obra traducida no mundo anglófono vén xerando un interese particular entre académicos que buscan comprender

1 Tradución ao galego de Alba Corujeira Iglesias.

as expectativas e os patróns de consumo literario no contexto dunha cultura central e hexemónica.

Este artigo explora a recepción das obras de Manuel Rivas e Domingo Villar no mundo anglófono e estuda como as recensións tanto profesionais (en prensa) como semiprofesionais (blogs) re-constrúena cultura galega segundo a noción de continuo homoxenización-heteroxenización-exotismo formulada por Saldanha (2018).

Palabras clave

Recepción, lectores, representación cultural, narrativa traducida

Introdución

A teoría da recepción orixínase no traballo de Hans-Robert Jaus nos anos 60 e ocúpase do modo en que actúan os lectores fronte aos textos segundo o seu 'horizon of expectation' (Jaus 1982), o cal se constrúe e desenvolve en función da formación e experiencias dos lectores. A diferenza das nocións hipotéticas e abstractas do lector, que predominaban máis nos estudos anteriores, a teoría da recepción outórgalle autoridade ao público receptor e establece unha interrelación entre autor e lector. Isto provoca que aparezan novos ámbitos de investigación relacionados coa nosa forma de ler e cos factores que poden afectar a esta.

En canto aos estudos de Tradución, que tradicionalmente se centraron máis en como traducen os tradutores e nas estratexias que estes empregan, os estudos baseados na recepción e na resposta do lector aínda son escasos. Aínda que a noción do lector leva estando presente nos estudos de Tradución durante moito tempo², esta cuestión sobre o público receptor tende a ser prescritiva. De acordo con Arnold (2016), debido a que a tradución literaria se considera unha forma de que os lectores amplíen os seus horizontes, os académicos dan por suposto que os lectores deben ler as traducións para familiarizarse con outras culturas (Venuti 2004, Berman 2009, Connor 2014, Boase Beier 2015) e que hai mellores formas de ler as traducións para ter conciencia do outro (Venuti 1995). Non obstante, isto achega pouca información sobre como os lectores reais se implican coas obras traducidas e coas culturas das que proceden estas obras. Nos últimos anos, aumentou a atención cara os lectores nos estudos de Tradución, sobre todo a través da análise de recensións de libros (vexase, por exemplo, Zhao 2009, Bielsa 2013, D'Egidio 2015, Saldanha 2018) ou a través de estudos que se centran en grupos formados por lectores reais (Arnold 2016). En concreto, o mundo anglófono xerou un grande interese: por unha banda, a

2 A cuestión do lector foi un aspecto fundamental na construción das teorías da tradución durante moito tempo. Este estivo presente en enfoques da tradución tan diversos como o de Friedrich Schleiermacher (1813/2012), quen definiu as estratexias de tradución en función da proximidade do lector ao autor e as teorías funcionais e de *skopos* (Reiss e Vermeer 1984/2013), que lle daban prioridade ao obxectivo último da tradución. Nas teorías centradas na tradución cultural e a representación de identidades, as ideas de Venuti (1998) sobre a domesticación e a estranxeirización tamén dependen dun lector implícito que acabará por interpretar e recibir o texto.

dimensión do mercado anglófono, xunto co uso do inglés como lingua franca do mundo editorial —o que significa que as traducións cara este idioma teñen máis posibilidades de chegaren a terceiros mercados—, aumentou a atención cara as traducións ao inglés que, en moitos casos, se financiaron nas culturas de orixe mediante axudas económicas (véxase Mansell 2017 e Vimr 2019). Por outra banda, o 3%³ das traducións doutras linguas cara o inglés, cifra infame e frecuentemente citada, contribuíu a crear unha percepción xeneralizada e demasiado simplificada do mundo anglófono como ‘parochial’ (Arnold 2016), que se resiste ao diferente e é anglocéntrico. Isto deu lugar a que aparecesen estudos académicos cuxo obxectivo era contextualizar esta cuestión.

A pesar deste interese renovado no lectorado de traducións, apenas se tratou a recepción da narrativa de culturas apátridas e minorizadas. Ademais do amplo estudo de Arnold sobre a recepción e a percepción da prosa catalá por parte do mundo anglófono, o enfoque ata agora para as culturas minorizadas, en concreto as que residen no Estado español, centrouse nos fluxos de tradución, no apoio institucional e na distribución (para o caso do galego véxase, por exemplo, Castro e Linares 2019, Fernández Rodríguez 2010, Fernández et al. 2011, Luna Alonso 2005, Luna Alonso et al. 2005, 2011, 2012). Noia (2006) introduce a teoría da recepción no marco dos estudos de Tradución de Galicia, pero aínda queda por facer un traballo máis analítico neste ámbito.

Este artigo explorará as principais tendencias na tradución e na recepción de novelas galegas no mundo anglófono entre o período 2000-2018 e profundará na recepción de dous dos autores máis traducidos en Galicia, Manuel Rivas e Domingo Villar. Dentro do marco xeral dos estudos de recepción, e seguindo a clasificación de Saldanha (2018) sobre a presentación e recepción da literatura traducida, este artigo analizará as recensións profesionais (en prensa) e as dos blogs co obxectivo de descubrir como se percibe e representa a cultura galega a través dunha perspectiva anglófona. Profundando na dicotomía estranxeirización/domesticación de Venuti (1995), Saldanha sostén que as recensións en prensa enmarcan, de acordo con diferentes obxectivos, as obras literarias dependendo da súa cultura de orixe, o seu autor e o seu xénero. Ademais, mobilizan diferentes aspectos da cultura de orixe para ‘create an image of “national” literature’ (Saldanha 2018: 1) que atraia ao público destinatario. Deste xeito, as recensións en prensa funcionan como un medio de comercialización que inflúe nas expectativas da literatura ao longo dun continuo ‘from homogenization, through heterogenization to exoticism’ (ibid: 12). Nesta conceptualización, a homoxenización refírese á presentación de libros que se centran máis en temas universais e familiares para o público destinatario e nos que a súa condición de obras literarias traducidas non se considera un feito relevante; a heteroxenización, non obstante, céntrase máis no uso da literatura traducida como ponte cara outra cultura; e o exotismo aproveita as ideas sobre o descoñecido e o misterioso para mercantilizar a cultura que se representa na obra narrativa traducida co obxectivo de facela atractiva para ‘an essentially tourist, rather than literary, “gaze”’ (Ury 2002, en Saldanha 2018: 7).

3 Nos últimos anos, analizouse esta cifra e foi posta en contexto en varios informes da plataforma europea Literature Across Frontiers (véxase Büchler e Trentacosti 2015).

Para os efectos deste artigo, tivemos en conta non só as denominadas recensións ‘profesionais’ en prensa, senón tamén aquelas que se inclúen nos medios de comunicación non profesionais, como por exemplo a literatura especializada e os blogs de tradución. Aínda que se pode dicir que o seu alcance non é tan amplo como o das recensións publicadas nos xornais principais, neste artigo expoñemos que as recensións de blogs son cada vez máis importantes para o fomento e a representación da tradución literaria. Os paradigmas da comunicación foron cambiando constantemente no século XXI e os foros en liña non profesionais están sendo cada vez máis predominantes para o fomento e visibilidade dos produtos, así como para a construción de comunidades que xiran en torno a temas concretos. En moitos aspectos, os blogs e outras redes sociais convertéronse en «spaces both consumers who wish to express themselves and consumers/producers who sell their influence in that community» (Zanette et al. 2013:38). Deste xeito, os blogs especializados en literatura – e, en concreto, na tradución literaria – crean e traballan dentro de comunidades específicas nas que inflúen. No marco dunha literatura minorizada como a galega, na que os recursos limitados de distribución fan que as recensións en prensa sexan difíciles de conseguir, o papel dos medios máis informais é un aspecto importante que hai que considerar cando se trata de que o público destinatario comprenda a recepción e a representación das obras literarias. Nos seguintes apartados comentarase que obras narrativas contan con recensións profesionais e en blogs e que significa isto para a recepción e a representación da literatura e cultura galegas. Ademais, unha vez que se estableza o panorama xeral, tratarase de responder a como se reconstrúe a literatura galega en relación co continuo de Saldanha mediante un enfoque cualitativo das recensións dos autores galegos máis coñecidos no mundo anglófono, Manuel Rivas e Domingo Villar. Para iso, explorarase as diferenzas entre os xéneros e os autores e analizarase o impacto da cultura española na comprensión da literatura e cultura galegas para o mundo anglófono.

O panorama galego na tradución: Domingo Villar e Manuel Rivas como representantes da narrativa galega no mundo anglófono

Tradicionalmente, a tradución literaria considerábase unha forma de que os lectores e as culturas tivesen acceso a novos materiais e opinións que non estaban dispoñibles nas súas propias culturas. Isto deu paso, entre outras cousas, á afirmación de Toury de que as traducións son ‘facts of the target culture’ e que teñen o obxectivo de encher un baleiro no sistema da cultura de destino. Nesta conceptualización da tradución, un editor, axente literario ou tradutor da cultura de destino (por exemplo, o Reino Unido) identifica un libro de posible interese na cultura de orixe (Galicia), adquire os dereitos e comeza o proceso de tradución, edición e distribución que levará o libro ao seu lector final. Non obstante, a invisibilidade inherente a unha cultura como a galega provoca que este proceso, aparentemente sinxelo, sexa moito máis difícil, xa que os editores estranxeiros tenden, por unha banda, a estar menos informados sobre as recentes publicacións de posible interese e, por outra, xeralmente non gozan dunha plena comprensión da narrativa escrita nesta lingua.

Isto, xunto cunha conciencia cada vez máis xeral da importancia da tradución para visibilizar as culturas máis alá das súas fronteiras, creou

diferentes fluxos e patróns de tradución a partir de literaturas minorizadas ou menos traducidas. En vez de que sexan os editores da cultura de destino os que tomen a iniciativa, o proceso de tradución tende a comezar na cultura de orixe, xa sexa unha tradución ineditamente realizada ('source-commissioned' ou 'manuscript' segundo a terminoloxía de Mansell (2020)) que se centra en chamar a atención inicial dos editores estranxeiros, ou unha tradución financiada e encargada polos tradutores ou editores (o que Vimr (2020) denomina 'source-driven translation'). Isto adquire unha dimensión aínda máis complexa no caso das traducións ao inglés, xa que esta lingua hexemónica non só constitúe un mercado en si mesma (de feito o maior mercado), senón que tamén é un punto de acceso a outros mercados. O inglés é, de facto, a lingua de comunicación da industria (Mansell 2020) e, polo tanto, os editores doutras linguas tenden a ter un mellor dominio do inglés que da lingua minorizada en cuestión (véxase Castro e Linares (publicado proximamente) onde se analizan de forma comparativa as traducións do vasco, catalán e galego ao inglés).

Ademais, o panorama anglófono non só achega ás culturas minorizadas o acceso a un público máis amplo, senón tamén a lexitimidade que supón o feito de seren traducidas á lingua dominante da comunicación mundial. De feito, esta lingua está relacionada cos procesos de modernización (percibida) e de acceso ao niveis transnacionais e transculturais do diálogo. Sorprendentemente, isto desenvolve un papel nos estudos académicos tal e como se explica na introdución de Casanova da tradución ao inglés do seu aclamado libro *World Republic of Letters*:

I am pleased that this book, aimed at inaugurating an international literary criticism, should itself be internationalized through translation into English [...] and debated at a truly transnational level (Casanova, en Allen 2007: 23, a letra grosa é miña).

Esta fonte de lexitimidade, condición internacional e participación na sociedade mundial supuxo un maior interese na tradución ao inglés de obras literarias, a pesar de que o mercado anglófono é coñecido pola súa impermeabilidade e dificultade de acceso. No marco galego, isto significa que unha porcentaxe cada vez maior dos fondos dedícase ás traducións ao inglés, non só no que respecta aos financiamentos competitivos para a tradución de libros, senón tamén a outras iniciativas. Entre estas, inclúense a publicación de dúas antoloxías de literatura galega (2010, 2012); a publicación dunha colección de obras canónicas galegas que na tradución ao inglés recibe o título de *Galician Classics* e que se trata dunha colaboración coa pequena editorial *Small Stations Press*; e a creación dunha páxina web en inglés, *Portico of Galician Literature*, que, ademais de conter traducións de fragmentos, ofrece información sobre obras e autores e que ten o obxectivo de achegar e informar aos editores sobre os textos traducidos e os textos dispoñibles para traducir. Este maior interese por centrarse no inglés como lingua de destino provocou un aumento da cantidade de traducións cara este idioma, as cales foron financiadas na segunda década do século XXI, así como un incremento do número de novelas traducidas para o mercado anglófono. No período 2000-

2018 traducíronse 23 novelas galegas ao inglés, das cales, como se pode ver na Táboa 1, 16 publicáronse despois de 2010.

| Título (GAL) | Autor | Título (EN) | Tradutor/a | Editorial | Ano |
|---------------------------------|---------------------|---|-------------------|----------------------|------------|
| <i>Xa vai o grifón no vento</i> | Alfredo Conde | <i>The Griffon</i> | Roy Boland | Bystander Press | 2000 |
| <i>O lapis do carpinteiro</i> | Manuel Rivas | <i>The Carpenter's Pencil</i> | Jonathan Dunne | Harvill Press | 2001 |
| <i>En salvaxe compañía</i> | Manuel Rivas | <i>In the Wilderness</i> | Jonathan Dunne | Harvill Press | 2003 |
| <i>Vento ferido</i> | Carlos Casares | <i>Wounded Wind</i> | Rosa Rutherford | Planet Books | 2004 |
| <i>Romasanta</i> | Alfredo Conde | <i>Romasanta: Uncertain memoirs of the Galician wolfman</i> | Roy Boland | Antipodas Monographs | 2006 |
| <i>Arredor de si</i> | Ramón Otero Pedrayo | <i>Circling</i> | Kathleen March | Amaranta Press | 2007 |
| <i>Ollos de auga</i> | Domingo Villar | <i>Water-blue eyes</i> | Martin Schifino | Arcadia Books | 2007 |
| <i>Os libros arden mal</i> | Manuel Rivas | <i>Books Burn Badly</i> | Jonathan Dunne | Harvill Press | 2010 |
| <i>A praia dos afogados</i> | Domingo Villar | <i>Death on a Galician Shore</i> | Sonia Soto | Abacus | 2011 |
| <i>A esmorga</i> | Eduardo Blanco-Amor | <i>On a Bender</i> | Craig Patterson | Planet Books | 2012 |
| <i>Todo é silencio</i> | Manuel Rivas | <i>All is Silence</i> | Jonathan Dunne | Harvill Press | 2013 |
| <i>A sombra cazadora</i> | Suso de Toro | <i>The Hunting Shadow</i> | Antonio de Toro | Galebooks | 2013 |

| | | | | | |
|--------------------------------|---------------------------------|-----------------------------------|----------------------|----------------------|------|
| <i>Criminal</i> | Xurxo Borrazás | <i>Vicious</i> | Carys Evans-Corrales | Small Stations Press | 2015 |
| <i>Polaroid</i> | Suso de Toro | <i>Polaroid</i> | Jonathan Dunne | Small Stations Press | 2015 |
| <i>Un nicho para Marilyn</i> | Miguel Anxo Fernández Fernández | <i>A niche for Marilyn</i> | Kathleen March | Small Stations Press | 2016 |
| <i>Os comedores de patacas</i> | Manuel Rivas | <i>The Potato Eaters</i> | Jonathan Dunne | Small Stations Press | 2016 |
| <i>Tic-Tac</i> | Suso de Toro | <i>Tick-Tock</i> | Jonathan Dunne | Small Stations Press | 2016 |
| <i>As voces baixas</i> | Manuel Rivas | <i>The Low Voices</i> | Jonathan Dunne | Penguin | 2016 |
| <i>Ilustrísima</i> | Carlos Casares | <i>His Excellency</i> | Jacob Rogers | Small Stations Press | 2017 |
| <i>Así nacen as baleas</i> | Anxos Sumai | <i>That's how Whales are Born</i> | Carys Evans-Corrales | Small Stations Press | 2017 |
| <i>Herba moura</i> | Teresa Moure | <i>Black Nightshade</i> | Philip Krummrich | Small Stations Press | 2018 |
| <i>Papaventos</i> | Xavier Queipo | <i>Kite</i> | Kirsty Hooper | Small Stations Press | 2018 |
| <i>Lume de cobiza</i> | Miguel Anxo Fernández Fernández | <i>Greedy Flames</i> | Kathleen March | Small Stations Press | 2018 |

Táboa 1. Novelas galegas traducidas ao inglés (2000-2018)

Na tradución das novelas galegas ao inglés no século XXI destacan catro aspectos. En primeiro lugar, chama a atención a falta de mulleres escritoras que publicaron nese período, pois só dúas escritoras son traducidas, ambas pola editorial Small Stations Press e só nos últimos anos do período mencionado: Así nacen as baleas, de Anxos Sumai, traducida ao inglés en 2017 por Carys-Evans-Corrales; e Herba Moura, de Teresa Moure, traducida ao inglés en 2018 por Philip Krummrich. En segundo lugar, unha das características máis visibles/salientes do corpus é o claro dominio do escritor Manuel Rivas. Rivas

é o autor de 6 das 24 novelas⁴ traducidas ao inglés entre o período 2000-2018, que son:

- O lapis do carpinteiro – 2001 – Harvill Press
- En salvaxe campaña – 2003 – Harvill Press
- Os libros arden mal – 2010 – Harvill Secker
- Todo é silencio – 2013 – Harvill Secker
- As voces baixas – 2016 – Penguin
- Os comedores de patacas – 2016 – Small Stations Press

Ademais, ilustrando o terceiro aspecto idiosincrático da publicación da literatura galega en inglés, é o único autor deste corpus que foi publicado por unha industria editorial (Harvill Press/Harvill Secker/Vintage/Penguin⁵), o que o sitúa nunha posición de vantaxe con respecto aos demais autores en canto a distribución e facilidade de acceso aos seus libros no mercado anglófono. O resto das publicacións son o resultado de proxectos asociados ao sector académico —como as traducións de Roy Boland das novelas de Alfredo Conde ou a tradución dos autores clásicos e canónicos por parte de académicos, como no caso de *A esmorga* de Eduardo Blanco-Amor (traducida por Craig Patterson) ou *Arredor de si* de Ramón Otero Pedrayo (traducida por Kathleen March)—. En moitos casos, estes tradutores non só actúan como tal, senón tamén como axentes culturais e promotores da cultura, xa sexa a través das institucións e departamentos universitarios galegos ou a través de redes e conexións literarias internacionais. Castro destaca a condición frecuentemente precaria dos tradutores, xa que realizan o seu labor de tradución e promoción ‘sen garante ningún de acabar no prelo e decote mesmo sen compensacións económicas’ (2006: 353) ou levan a cabo ese labor pequenas editoriais independentes, concretamente Small Stations Press, que se centra no mundo galego. Isto lévame ó cuarto aspecto da tradución da literatura galega no

4 Ademais das novelas mencionadas neste artigo, Rivas publicou dúas coleccións de contos en inglés (*A leiteira de Vermeer*, 2001, Harvill Secker e *Un millón de vacas*, 2015, Small Stations Press), así como un breve libro titulado *A lingua das bolboretas*, que contén tres historias de *A leiteira de Vermeer* e que se publicou para acompañar o lanzamento da película homónima no 2000. Tamén se publicaron tres coleccións de poesía deste autor por parte das editoriais Shearsman (*A desaparición da neve*, 2012, e *A boca da terra*, 2019, traducidas por Lorna Shaughness) e Small Stations Press (*Do descoñecido ao descoñecido*, 2017, traducida por Jonathan Dunne).

5 As novelas de Manuel Rivas publicáronse en inglés grazas a Harvill Press, que pasou a formar parte da compañía editorial multinacional Random House en 2002 (posteriormente Penguin Random House) e pasou a denominarse Harvill Secker tras fusionarse con Secker e Warburg en 2005. Tanto Harvill Press/Harvill Secker como Vintage son filiais de Penguin Random House, polo que, para os efectos deste artigo, considérase unha gran empresa comercial, en contraposición a editoriais máis pequenas e independentes como Small Stations Press.

mundo anglófono: Small Stations Press foi a principal editorial de literatura galega tanto no mercado inglés como no búlgaro, especialmente no período 2010-2018, pois publicou, por ano, entre catro e cinco volumes de narrativa galega en inglés e conseguiu un importante crecemento da súa obra e unha gran influencia no panorama. Aínda que o conxunto das exportacións de narrativa galega ao mundo anglófono corra un considerable risco de depender dunha pequena editorial, a súa irrupción neste panorama supuxo un aumento importante das obras galegas publicadas en inglés. De feito, a pouca atención que se lle dá á narrativa galega por parte doutras editoriais estranxeiras é un motivo de preocupación para os investigadores do grupo Bitraga da Universidade de Vigo (Luna et al. 2011), quen indican que as traducións cara o inglés, xeralmente relacionadas con proxectos académicos ou promovidas por institucións galegas, corren o risco de non chegar ao público de destino. O propio Jonathan Dunne tratou os problemas dos fondos públicos dispoñibles avogando polo aumento daqueles asignados por proxecto para, así, apoiar non só as tarifas dos tradutores, senón tamén o investimento da editorial na promoción e distribución (Dunne 2020).

Para contrarrestar isto, é importante mencionar unha nova tendencia que relaciona a literatura best-séller ou literatura cun ritmo narrativo rápido coas traducións das novelas policiais de Domingo Villar, as cales se publicaron en 2007 e 2011 por parte de Arcadia Press (Ollos de auga) e Abacus (A praia dos afogados). Non obstante, isto mostra as complexidades do panorama galego e as súas conexións coa lingua e o marco españois, xa que as traducións das obras de Villar realízanse desde o español e non desde o galego e lévanas a cabo tradutores que teñen pouco contacto co mundo literario galego (Martin Schiffino e Sonia Soto). Ademais, a diferenza das traducións que se publican en contextos académicos ou por Small Stations Press, as cales se realizan por tradutores que se comprometen directamente e de diferentes maneiras co panorama galego (xa sexa mediante o seu labor académico, o seu lugar de residencia ou a súa especialización na tradución de literatura galega), as versións de Villar en inglés son encargadas por un axente literario e o propio autor parece estar pouco implicado co proceso, tal e como afirmou nunha entrevista publicada no xornal Galicia 21 en 2009 (Cid 2009).

Esta breve perspectiva xeral do marco galego mostra que, concretamente nos últimos anos, aumentou o número de traducións ao inglés. Non obstante, aínda segue mostrando, por unha banda, un panorama precario impulsado por axentes individuais en vez de pola profesionalidade do sector ou un aumento do interese por parte de editoriais estranxeiras e, pola outra banda, un panorama ensombrecido pola lingua española. Ademais, isto significa que a recepción das novelas galegas aínda é escasa debido á falta de recursos para a súa comercialización e distribución. Entre as novelas traducidas no período 2000-2018, moi poucas contan con recensións tanto en prensa como en blogs (véxase a Táboa 2 na que se mostra un resumo de que novelas galegas traducidas ao inglés contan con recensións).

| Título (EN) | Recensións en prensa | Blogs |
|---|-----------------------------|--------------|
| <i>The Griffon</i> | 0 | 0 |
| <i>The Carpenter's Pencil</i> | 4 | 4 |
| <i>In the Wilderness</i> | 3 | 1 |
| <i>Wounded Wind</i> | 0 | 0 |
| <i>Romasanta: Uncertain memoirs of the Galician wolfman</i> | 0 | 0 |
| <i>Circling</i> | 0 | 0 |
| <i>Water-blue eyes</i> | 0 | 10 |
| <i>Books Burn Badly</i> | 7 | 1 |
| <i>Death on a Galician Shore</i> | 9 | 10 |
| <i>On a Bender</i> | 1 | 3 |
| <i>All is Silence</i> | 4 | 6 |
| <i>The Hunting Shadow</i> | 0 | 0 |
| <i>Vicious</i> | 1 | 1 |
| <i>Polaroid</i> | 0 | 0 |
| <i>A niche for Marilyn</i> | 0 | 2 |
| <i>The Potato Eaters</i> | 0 | 2 |
| <i>Tick-Tock</i> | 0 | 2 |
| <i>The Low Voices</i> | 4 | 3 |
| <i>His Excellency</i> | 0 | 2 |
| <i>That's how Whales are Born</i> | 0 | 2 |
| <i>Black Nightshade</i> | 0 | 2 |
| <i>Kite</i> | 0 | 2 |
| <i>Greedy Flames</i> | 0 | 2 |
| <i>Home is like a different time</i> | 0 | 2 |

Táboa 2. Recensións das novelas galegas traducidas no mundo anglófono

Aínda que é posible que as recensións non sexan o único factor que hai que ter en conta ao analizar a recepción dunha obra, a falta de compromiso coa narrativa galega tanto na rede como na prensa é un gran indicador de que, en moitos casos, os libros non chegan aos seus destinatarios. Isto móstrase claramente na Táboa 2, na que se pon de manifesto que a gran maioría das traducións publicadas contan con moi poucas recensións en prensa ou en blogs, se é que contan con algunha. Deste xeito, os escritores Manuel Rivas e Domingo Villar, as dúas únicas figuras literarias que contan constantemente coa atención dos críticos e lectores anglófonos, son os principais representantes da literatura galega para o público anglófono medio. Isto fai que sexa aínda máis importante comprender as formas en que se está reinterpretando e reconstruíndo a cultura galega en canto ao compromiso coas súas obras traducidas.

Recompilación de datos e metodoloxía

Para comprender mellor a recepción destes dous autores no mundo anglófono, este estudo céntrase na análise de dous tipos de recensións⁶: as “profesionais”, aquelas que se publican na prensa, e as “semiprofesionais”, aquelas que aparecen en blogs dedicados á literatura ou á tradución literaria.

Os textos das recensións profesionais obtivéronse a partir da base de datos Nexis mediante a busca do nome dos autores. Isto complementouse cunha busca booleana en Google do nome do autor e do libro, a cal tamén achegou recensións en blogs e en medios de comunicación máis informais. Aínda que é imposible afirmar que este método abarque todas as recensións, sobre todo porque as recensións en blogs poden engadirse moito despois de publicar as obras, a cantidade de datos recollidos garante un corpus representativo das recensións das obras de Manuel Rivas e Domingo Villar no período 2000-2018. A Táboa 3 representa unha perspectiva detallada das recensións que recibiron cada unha das seguintes obras dos autores nos diferentes medios mentres que na Táboa 4 se resumen as conclusións por autor e tipo de recensión (profesional e semiprofesional).

| Título (EN) | Autor | Recensións en prensa | Blogs |
|----------------------------------|----------------|----------------------|-------|
| <i>The Carpenter's Pencil</i> | Manuel Rivas | 4 | 4 |
| <i>In the Wilderness</i> | Manuel Rivas | 3 | 1 |
| <i>Water-blue eyes</i> | Domingo Villar | 0 | 10 |
| <i>Books Burn Badly</i> | Manuel Rivas | 7 | 1 |
| <i>Death on a Galician Shore</i> | Domingo Villar | 9 | 10 |
| <i>All is Silence</i> | Manuel Rivas | 4 | 6 |
| <i>The Potato Eaters</i> | Manuel Rivas | 0 | 2 |
| <i>The Low Voices</i> | Manuel Rivas | 5 | 3 |

Táboa 3. Recensións que recibiron Manuel Rivas e Domingo Villar

| | Profesionais (recensións en presa) | Semiprofesionais (blogs) |
|----------------|------------------------------------|--------------------------|
| Manuel Rivas | 23 | 17 |
| Domingo Villar | 9 | 20 |

Táboa 4. Resumo das recensións que recibiron Manuel Rivas e Domingo Villar

6 Aínda que hai recensións de libros publicadas en revistas académicas, non se incluíron neste artigo porque o obxectivo deste é centrarse nos medios comerciais de distribución e recepción, polo que consideramos que os lectores que non pertencen ao mundo académico non adoitan dedicarse ás publicacións académicas.

Unha vez recompiladas as recensións e seguindo as clasificacións de D'Egidio (2015) e Arnold (2016), identificáronse tres campos comúns á maioría das recensións. En primeiro lugar, o campo 'tradución/tradutor', no que se fai referencia á tradución da novela incluíndo a lingua de orixe e os nomes dos tradutores. Tamén se incluíron os comentarios avaliativos sobre a calidade da tradución, xa que estes indican que os lectores len co coñecemento de que a novela pertence a unha cultura distinta da súa. En segundo lugar, o campo 'autor', no que se identificaron as referencias ao autor e á súa situación na cultura de orixe e se destacaron os comentarios sobre o seu estilo. Finalmente, identificouse o campo da 'cultura' no que se fai referencia ao panorama galego da novela para, así, determinar o grao de recoñecemento desta outra cultura como galega. Por exemplo, as referencias ao autor, o contexto xeográfico ou histórico ou á cultura veñen acompañadas da palabra galega ou outra relacionada. Tamén se compararon nas recensións o uso de referencias especificamente galegas coas referencias ao español para avaliar o nivel de coñecemento das diferenzas entre as culturas galega e española. Estes aspectos permiten que se identifiquen na análise patróns de homoxenización (por exemplo, un enfoque na situación e estilo do autor e na universalidade dos temas ou a non mención da tradución do libro), heteroxenización (referencias claras a que o libro é unha tradución, así como referencias ás especificidades da cultura galega) e exotismo (referencias estereotipadas á cultura).

O continuo homoxenización-heteroxenización-exotismo: Manuel Rivas e Domingo Villar

Na súa análise do panorama mediático da literatura brasileira na prensa anglófona, Saldanha (2016) menciona dous tipos de libros diferentes que se encontran representados no lado da homoxenización no continuo, é dicir, non se destaca a cultura de orixe nas recensións. Por unha banda, os libros máis vendidos de Paulo Coelho, que se centran en temas "universais" e van destinados a un público internacional, non se presentan particularmente como brasileiros. Pola outra banda, o carácter experimental das obras de autores como Clarice Lispector considérase atractivo só para unha pequena elite de lectores e, máis ben, compárase con outros autores do canon literario establecido. Este aspecto do continuo non se encontra na recepción e representación da literatura galega e, en concreto, na de Manuel Rivas e Domingo Villar, que son os dous autores que contan con máis recensións. Dunha forma ou outra, nas recensións sempre se fai referencia á orixe dos libros, como xa se verá nos seguintes apartados.

O estilo do autor e a (in)visibilidade do tradutor: as mencións ao autor e ao tradutor nas recensións de Rivas e Villar

Como xa se mencionou, as mencións do autor e da súa situación poden informar sobre a forma en que unha obra é percibida e representada polo público de destino. No caso de Rivas, as mencións ao seu estilo están presentes en todas as recensións profesionais e semiprofesionais (blogs) que se identificaron e analizaron. Moitas delas destacan o talento de Rivas como escritor e os aspectos particularmente poéticos da súa linguaxe (véxanse os exemplos na Táboa 5), así como o seu estilo 'inusual' e o carácter desafiante e

arrevesado da súa prosa (véxase a Táboa 6). En moitos aspectos, preséntase a Rivas como un escritor de ‘literature with a capital L’ (The Toronto Star 2013) e un ‘true modern classic’ (Winston’s Dad 2010), o que atraerá aos ‘readers of earnest literature’ (The Toronto Star 2013). Como consecuencia, sitúaranos dentro do canon internacional da alta literatura (Casanova 2007), onde pode compararse con outros autores clásicos e contemporáneos de éxito, quen actúan como medio de encadramento e unha referencia para o lector. É importante sinalar que, aínda que varias das referencias están relacionadas con escritores do panorama hispano, tamén se evocan en varias recensións os clásicos contemporáneos doutras tradicións literarias (véxanse os exemplos na Táboa 7).

‘[T]his **lyrical** though frequently impenetrable import’ (Publisher’s Weekly 2001)
‘Rivas’s language has **the sheen of poetry**’ (Merritt 2001)
‘[W]ith the forty five chapters almost short stories in their own right – or perhaps, with **their vivid imagery and evocative language, poems.**’ (Yee 2004)
‘The result is a poignant, **lyrical meditation**’ (Publisher’s Weekly 2005)
‘Rivas’s **hauntingly poetic** use of language’ (Ribeiro de Menezes 2010)
‘An epic and **resoundingly lyrical** refutation of totalitarianism and cruelty’ (Publisher’s Weekly 2011)
[H]is style is at once **poetic** and precise (Kerrigan 2013)
‘Rivas [...] combines a **lyric gift**, full of rich imagery (Eaude 2013)
‘He paints his homeland through a poet’s eyes, he is a poet as well as a novel writer’ (Winston’s Dad 2013)
‘Even at his most precise and clinical Rivas retains **his poet’s eye** (Battersby 2014)
‘This poetic and moving novel’ (Brooks 2015)
‘Rivas has an **appealingly lyrical** style’ (France 2016)

Táboa 5. Exemplos de recensións de Manuel Rivas centradas no seu estilo poético

‘Rivas’s highly charged language is sometimes excessive and the **narrative convoluted**’ (Publishers Weekly 2001)

‘In the Wilderness is a **work of strange appearance** and accomplished waywardness’ (Sansom 2003)

‘At first, the structure of In the Wilderness is a **little disorienting**’ (Yee 2004)

‘Unusually written and at times brilliant this is an **interesting read**’ (1streading’s blog 2013)

‘All is Silence is an interesting story written in a **very unusual style**’ (The Bookbag 2013)

‘[T]he above passage remains colourfully compelling, not to mention **idiosyncratically independent**’ (Marx 2013)

‘All is Silence is **not an easy read**’ (1streading’s blog 2013)

‘[A]ll too frequently he gives us **less than he sees**. [...] [D]emands so much of the reader’s own imagination that we rarely enjoy the immersive experience of fiction’ (Basilières 2013)’

‘The narrative structure [...] moves backwards and forwards through time and from one viewpoint to another. This further **disorients the reader**’ (Brooks 2015)

Táboa 6. Exemplos de recensións de Manuel Rivas centradas na súa inusual e difícil narrativa

‘It is so well done, and within pages this novel emerges as both strikingly similar to Javier Cercas’ recent Outlaws and stylistically superior’ (Ribeiro de Menezes 2010)

‘All is Silence surpasses this year’s Impac winner, **Juan Gabriel Vázquez’s** The Sound of Things Falling’ (Battersby 2014)

It is time for reviewers and sundry pundits to quit the flattering comparisons with Lorca, Joyce and Garcia Marquez. Manuel Rivas reads like no-one else on the planet’ (The Newsroom 2013)

Táboa 7. Exemplos de recensións de Manuel Rivas que o comparan con outros autores

A representación de Rivas como autor que pertence a un canon internacional de clásicos contemporáneos relaciónase coas crecentes mencións da tradución das súas obras a medida que se consagra como autor no mundo anglófono. A continuación, achéganse algúns exemplos: ‘I have already reviewed two of his previous books on this site: the most widely translated work in the history of Galician literature, The Carpenter’s Pencil (1998) and the simply, brilliant, Books Burn Badly’ (Marx 2013); ‘As in The Carpenter’s Pencil’ (Sansom 2003); ‘Rivas’s best-known work is probably The Carpenter’s Pencil’ (Basilières 2013); ou ‘Two of his novels, The Carpenter’s Pencil (1998) and Books Burn Badly (2006), are vital components in the literature of the Spanish Civil War’ (Battersby 2014). Estes exemplos mostran a representación de Manuel Rivas como un autor consagrado que adquiriu un capital literario e o seu propio lugar no ‘world system of translation’ (Heilbron 1999). A situación e a consagración son, por tanto, os aspectos importantes que están en xogo na representación e recepción de Rivas no mundo anglófono.

Non obstante, é raro que Rivas non se presente como un autor traducido, xa que abundan os comentarios sobre as súas traducións, desde mencións á calidade da tradución (sempre positiva) ata afirmacións en defensa da propia tradución (véxase a Táboa 8).

Recensións positivas sobre a tradución e o tradutor

‘[S]eamlessly translated (by Jonathan Dunne) (Merritt 2001)

‘[B]eautifully translated by Jonathan Dunne (Winston’s Dad 2010)

‘[F]ull marks to Jonathan Dunne for doing such a great job of translating from the Galician’ (The Bookbag 2011)

‘Originally written in Galician, it surely has to be said that **Jonathan Dunne’s translation is truly exceptional**’ (Marx 2013)

‘Rivas, **ably translated here by Jonathan Dunne**’ (Eaude 2013)

Luckily, **in the translator Jonathan Dunne he seems to have found a soulmate** who shares his vision and comic timing’ (Battersby 2014)

‘[H]is meditative tone **is brilliantly conveyed by Jonathan Dunne**’ (Battersby 2016)

‘Rivas has an appealing lyrical style, an offbeat humour and **a translator well attuned to both.**’ (France 2016)

Recensións negativas sobre a tradución e o tradutor

‘[T]his despite an **uneven translation**’ (Kirkus Reviews 2001)

‘Part of this might be down to **something being lost in the translation** from Galician to English, but I also think it’s the result of the author attempting to be innovative. (The Bookbag 2013)

‘Perhaps familiarity with Galician culture remedies this, or perhaps the effect is different in the original. **In English, it’s mostly puzzling** (Basilières 2013)

Táboa 8. Exemplos de mencións á tradución e ó tradutor nas recensións de Manuel Rivas

Exemplos como os anteriores achegan complexidade á idea de Venuti da invisibilidade do tradutor e a ‘illusion of transparency’ (1995). No caso de Rivas, a presenza do tradutor, xa sexa a través de recensións positivas ou negativas, implica unha lectura consciente da tradución do libro, a comprensión dos matices do proceso e unha indicación de que non hai homoxenización na presentación das obras de Rivas ao público anglófono. Ademais, analízase o proceso de tradución e, como se ilustra a continuación, a referencia á cultura e lingua galegas segue estando presente en moitas das recensións:

Jonathan Dunne has translated all Rivas’s other books into English and he works straight from Galician, with no intermediate Castilian phase, as would once have been usual for translations from Spain’s minority language (Times Literary Supplement 2016).

En comparación, Domingo Villar está menos presente nas recensións que Rivas. A trama é o centro de atención e a prioridade dos críticos

céntrase máis na lexibilidade do texto e na construción dos personaxes que na idiosincrasia do autor. As obras de Villar non se presentan como obras de alta literatura, polo que palabras como ‘pleasurable’, ‘enjoyable’ ou ‘beautifully readable’ (Reactions to Reading 2010) abundan nas descrições das novelas, as cales tamén aprecian o estilo ‘concise and expressive’ de Villar (Kitchin 2010) (ver máis exemplos na Táboa 9). Os personaxes son ‘interesting if somewhat familiar’ (Petrona 2010), pero ‘excellent’ (Aust Crime Fiction 2012) e ‘richly drawn and highly believable’ (Reactions to Reading 2011). Tamén teñen emocións porque ‘they lead an apparently mundane life, and yet conceal secrets and anxieties, fears and hopes, love and hatred’ (Thriller Books Journal 2014). A lexibilidade e a capacidade de crear personaxes cribles cos que o lector poida identificarse parecen ser, por tanto, os aspectos máis relevantes da recepción destas novelas. Curiosamente, aínda que apenas se pode comparar a Villar con autores doutras tradicións, como acontece coas recensións de Rivas, os propios personaxes si encontran os seus equivalentes nas novelas policiais escritas por outros autores (véxase a Táboa 10). Polo tanto, as novelas (máis que o autor) inclúense no xénero de novela policial, no que as obras traducidas tiveron un grande éxito (véxase Nilsson et al. 2017 para reflexionar exhaustivamente sobre a narrativa policial como parte da literatura universal).

You simply can’t beat this book for plot, character, atmosphere, a sense of place and poetry, and sheer **readability**. (Petrona 2010)

‘But the **light tone of the prose**, the interesting if somewhat familiar central characters, the evocative imagery, and the effective immersion in Galician culture, gastronomy, and even city planning combine to make this a very **worthwhile crime fiction read**. (Harper 2009)

‘There is much to admire in Villar’s **writing style, which is concise and expressive**, and Water-blue Eyes is a pleasurable read. (Kitchin 2010)

‘What there is, however, **is a nicely twisty and plausible plot**, peopled by some excellent characters that I’d be happy to spend a lot more time with in the future’ (AustCrime Fiction 2012)

‘Although the mystery is fairly simply told, it’s everything else that makes **this such an enjoyable read**. (AustCrime Fiction 2012)

Táboa 9. Mencións da lexibilidade e do deleite nas recensións de Domingo Villar

‘[H]is appreciation of food is **almost on a par with Salvo Montalbano’s** (Petrona 2010)

‘Villar’s team of detectives, Inspector Leo Caldas and his assistant, Rafael Estévez, **bears some resemblance to that of Barcelona’s Alicia Bartlett-Gimenez** (gender not with standing). (Petrona 2010)

‘**Leo Caldas like Andrea Camilleri’s Salvo Montalbano**, is a man who enjoys fresh seafood, and wine’ (Price 2010)

‘Villar **pays homage to some of the great crime writers** as the saxophonist with the blue eyes has on his night table *The Terracotta Dog* by Andrea Camilleri, and bookshelves packed with novels by Montalban, Ellroy, Chandler, and Hammet; all this detail adds to the successful chemistry created in the book. (Price 2010)

‘Caldas is partial to good food and wine, and the book is peppered with descriptions of trips to local restaurants, reminiscent of Inspector Montalbano in the Camilleri books’ (Eurocrime 2012)

Táboa 10. Mencións doutros personaxes e autores da narrativa policial nas recensións de Domingo Villar

A pesar do auxe da tradución da narrativa policial, a cuestión sobre a tradución do libro e as mencións ao tradutor aparecen con menor frecuencia que nas recensións de Rivas. De feito, só 9 das 29 recensións analizadas tratan directamente esta cuestión, aínda que, como xa se verá no seguinte apartado, é importante aclarar que todas as recensións se ocupan do libro tal e como se creou en España/Galicia. Polo tanto, non hai dúbida de que as novelas de Villar proceden dun espazo xeográfico diferente –de feito, isto é parte do seu encanto– pero, en xeral, nelas non se reflexiona sobre o proceso de tradución ou a aparición dun tradutor. Cando se reflexiona, téndese a xulgar a tradución, sobre todo as cuestións relacionadas coa fluidez –‘I cannot judge the quality of the translation as such but the results read very fluidly’ (Gunn 2010)– e a autenticidade, como se pode observar nestes comentarios opostos sobre os enfoques da tradución:

Martin Schifino, who also translates Carlos Fuentes, does a great job in this novel, so well portraying the different mores and cultures of the Spanish regions and the many humorous aspects of mutual misunderstandings’ (Petrona 2010).

‘On the translation side of things, there are parts that annoy me, in particular the complete lack of any Spanish phrases in the dialogue’ (Classic Mystery 2011).

Estes dous exemplos, ademais de mostrar unha clara relación cos libros de Villar tal e como están escritos en español –que é, de feito, a lingua desde a que se traducen– e de pertencer, como xa se analizará máis profundamente no seguinte apartado, ao panorama español e á cultura literaria española, destacan un enfoque interesante sobre o papel do tradutor. Nestes exemplos, non se trata de centrar a atención nas ideas tradicionais de fidelidade

ou lealdade ao texto, senón máis ben de crear un texto de destino que lle siga dando ao lector a sensación de sentirse máis cerca da cultura da que está lendo. Nos exemplos tampouco hai unha ‘illusion of transparency’ (Venuti 1995), senón máis ben unha ilusión de autenticidade que se espera como parte da experiencia lectora.

A comparación das recensións das novelas de Rivas e Villar destaca fundamentalmente diferentes enfoques da lectura dunha obra literaria, pero tamén algúns puntos en común. A pesar das diferenzas que hai entre as súas novelas en canto ao xénero e á situación, ambos autores contan con recensións nas que son comparados con outros escritores máis coñecidos (no caso de Rivas, como parte dun canon internacional e, no caso dos personaxes de Villar, como parte dunha comunidade de narrativa policial). Isto acerca, dalgún modo, a obra aos seus lectores, que poden contextualizar os seus escritos e comprendelos mediante lecturas e relacións previas. Non obstante, non hai homoxenización en ningún dos casos. Aínda que nas recensións de Villar falta unha reflexión específica sobre a tradución, xa que se invisibiliza o proceso e a persoa que está detrás da versión en inglés, o libro non se presenta en ningún momento como orixinalmente escrito en inglés, senón que se destaca o papel dos tradutores como provedores de autenticidade en español. Pola contra, no caso de Rivas, aparecen con frecuencia referencias ao tradutor e á tradución e, a miúdo, sinalan que o idioma e a cultura de orixe son o galego e non o español. A descrición do espazo xeográfico orixinal no que se sitúan os libros, así como da súa cultura de orixe e da relación entre os elementos galegos e españois é, de feito, un aspecto especialmente importante da súa recepción. Isto examínase no seguinte apartado.

A descrición do espazo e a representación da cultura: a tradución literaria como ponte cultural ou como unha mirada turística?

Como xa se mencionou no apartado anterior, todas as recensións analizadas tanto para Manuel Rivas como para Domingo Villar describen o escenario das novelas e o seu contexto de orixe e, incluso aquelas nas que non se destaca o procesos de tradución, céntranse na estranxeirización do texto. Non obstante, debido á estreita relación entre a cultura galega e a española e á situación de minorización da primeira, os enfoques da representación da cultura de orixe son variados.

No caso de Manuel Rivas, aínda que hai algúns exemplos de asimilación coa cultura española, as recensións xeralmente preséntano, en concreto, como un autor galego e adoitan destacar que o idioma orixinal das novelas é o galego– ‘His passport may be Spanish, but Manuel Rivas is from Galicia, that Land of the Gaels in the far north-west of Spain’ (Kerrigan 2013) (véxanse máis exemplos na Táboa 11). Isto reflíctese, de novo, nas recensións dos blogs indicando que o perfil do autor e a súa recepción por parte do mundo anglófono destacan a súa ‘galeguidade’ fronte a súa nacionalidade española. De feito, nalgúns casos, os propios escritores dos blogs examinan esta ambigüidade entre a clasificación dos autores galegos e suxiren que, tras ler as novelas de Rivas, existe un proceso de desenvolvemento dunha nova e máis complexa comprensión da relación entre as linguas e culturas galega e española:

‘Well I put this book down as Spanish fiction although Manuel Rivas, he is a Galician writer he is from that part of Spain and writes in Galician not Spanish and this book is a direct translation from his original (Winston’s Dad 2013).

As súas obras tamén se presentan como galegas a través de mencións de lugares —‘The novel focuses on life in a small coastal village in Galicia’ (1streading’s Blog 2013, máis exemplos na Táboa 11), aínda que hai exemplos de asimilación coa cultura española, sobre todo nas recensións de blogs non profesionais — ‘The story of friends growing up in a small Spanish community’ (The Bookbag 2013). Ao contrario das afirmacións de homoxenización na tradución, parece que, para Rivas, o lugar de orixe e a lingua das súas novelas son un aspecto favorable máis que un impedimento. Polo tanto, as novelas de Rivas encóntranse claramente nas recensións profesionais e semiprofesionais. A importancia do lugar, xunto cos contextos históricos aos que se refiren moitas das novelas, son algúns dos aspectos máis destacados polos lectores.

Exemplos de mencións a Galicia

‘In the village of Aran, **in Galicia**, a young girl (Rosa)... (Kirkus Reviews 2005)
The skein of stories woven around them begins in 1881, unwinding a thread that spans more than a century and **concentrates on Galicia**’ (The Newsroom 2010)
‘The novel focuses on life **in a small coastal village in Galicia** where smuggling is commonplace’ (1streading’s blog 2013)
‘**Galicia, in Spain**, is both one of the most remote of Western Europe’s regions, and cosmopolitan, with its economic emigrants sending news across the oceans.’ (Eaude 2013)
Perhaps **familiarity with Galician culture** remedies this, or perhaps the effect is different in the original. (Basilières 2013)
‘Rivas injects telling asides about the Galician character and never allows the reader to forget the territory in which his yarn unfolds’ (Battersby 2014)

Exemplos de mencións a Rivas como autor galego ou como autor que escribe en galego

‘Books Burn Badly is a novelistic tour-de-force by **Galician writer, Manuel Rivas**.’ (Ribeiro de Menezes 2010)
‘Silence lies at the heart of the latest novel from **Galician journalist Rivas** (The Carpenter’s Pencil)’ (Publisher’s Weekly 2011)
‘[F]ull marks to Jonathan Dunne for doing such a great job of **translating from the Galician**.’ (The Bookbag 2011)
‘Like many before him, **the Galician poet and novelist Manuel Rivas** has previously sought inspiration in the events of the Spanish Civil War’ (Stelfox 2011)
‘The astonishingly gifted **Galician author**, Manuel Rivas’ (Marx 2013)
‘His passport may be Spanish, but **Manuel Rivas is from Galicia**, that Land of the Gaels in the far north-west of Spain. (The Guardian 2013)
‘**Rivas, who writes in Galician**, has been a tireless promoter of his homeland’ (The Guardian 2013)
‘[J]ust happens to be **written by a Galician genius**’ (Battersby 2014)

Táboa 11. Exemplos de mencións específicas a Galicia ou ao orixe galego de Rivas nas recensións

Non obstante, o máis interesante das recensións de Rivas non é tanto este recoñecemento pola diferenza e identificación do autor coa cultura autónoma galega, senón máis ben o feito de que os críticos, tanto profesionais como non profesionais, relacionan con frecuencia a Galicia con outros territorios máis familiares para eles mesmos ou para os seus lectores, en concreto Irlanda e Gales ou a cultura celta en xeral:

For, like Ireland, Galicia is as much diaspora as nation. (Kerrigan 2013, a letra grossa é miña).

In many ways All Is Silence is a great Irish novel: it is so easy to imagine the action being transferred to the west of Ireland. (. . .)
The youngsters are aware they have a native culture that has been relegated to the margins. (. . .) If this is the great Irish novel that

just happens to have been written by a Galician genius, it is also the finest movie the Coen Brothers have yet to make. (Battersby 2013, a letra grosa é miña).

[H]as created a portrait of Spain and above all, an insider's look at a very particular culture: his own as a citizen of the northwest Spain, an area very like the west of Ireland (Battersby 2016, a letra grosa é miña).

An English-speaking reader may think he detects a tinge of the Celtic twilight: a quality of mists, gyres and whorls (Sansom 2003, a letra grosa é miña).

I heard it described as a bit like Ireland to England but from what I've read actually the north-east of the UK is a better idea for me (Winston's Dad 2013, a letra grosa é miña).

Isto, xunto coas numerosas notas explicativas sobre a lingua galega, a localización de Galicia, a súa situación en España e as aclaracións históricas, indica que os críticos, tanto profesionais como non profesionais, non presentan estas historias como obras literarias universais e homoxeneizadas, senón que necesitan relacionalas con referencias máis familiares. Isto vai en consonancia coa afirmación de Chan (2020/2014) de que a asimilación da información textual é moito máis lenta para os lectores da tradución, polo que poderían destacar aspectos dos textos e relacionalos, no seu descoñecemento, con territorios ou historias máis familiares para crear unha imaxe máis clara da cultura que se está representando. Esta representación detallada das diferenzas e similitudes entre culturas é, quizais, o exemplo máis concreto do uso da tradución como ponte cultural e da exploración por parte dos lectores do seu entorno familiar para informar e definir os seus 'horizons of expectations' (Jauss 1982)

No caso de Domingo Villar, cuestión que quizais sexa interesante para a literatura de ritmo narrativo rápido, tampouco hai homoxenización nas recensións, senón que o centro de atención está, máis ben, no contexto cultural, aínda que se representa unha imaxe totalmente diferente á que se describe nas recensións. Trátase dunha paisaxe non problemática, vacacional e turística, chea de clichés e estereotipos, que mostra unha percepción hedonista e bela, aínda que superficial, de Galicia, xa que se centra nas súas paisaxes, viños e comidas. Esta paisaxe tamén mostra a representación de Galicia como unha cultura impregnada no pasado, 'imbued in the traditions' (Clarke 2010) e case desactualizada (véxanse os exemplos da Táboa 12). Tal e como analiza Saldanha na súa análise da recepción da literatura brasileira, 'this strategy of temporal distantiating, in anthropology and elsewhere, facilitates the marginalization of other cultures as belonging outside our time' (2013: 10). De feito, as ideas sobre gastronomía, paisaxes e atraccións turísticas están moi presentes nas recensións e destácanse os aspectos sensoriais da experiencia lectora chegando incluso a recomendar 'to read which [sic] drinking a Rioja with some jamón ibérico if you can find it (or serrano if you can)' (Goodreads 2017).

‘[T]he **effective immersion in Galician** culture, gastronomy, and even city planning combine to make this a very worthwhile crime fiction read’ (Harper 2009)

‘The novel is set in the town of Vigo in the Galicia region of Spain, which sounds extremely beautiful. [...] **Inevitably, progress and commercialism are eating into the distinguished, long history of the region**’ (Clarke 2010)

‘One of the many joys of this book is the mismatched partnership of Caldas, **imbued in the traditions, proud history, and rambling, leisured manner of the region**’ (Clarke 2010)

‘The plot has a nice twist at the end, but it is **the evocative atmosphere, Galician location, humour, characters and culinary details** that make this novel, and detective Leo Caldas, a fine addition to the variety of European crime fiction (Price 2010)

‘There seemed to me to be a lack of atmosphere [...] Apart from the **descriptions of the goose barnacles though – that just made me hungry**’ (Classic Mystery 2011)

‘Rather, he provides a measured account of this beautiful region of Spain and its inhabitants as Caldas travels about digging into the past, so **we become absorbed in the ways of life there**’ (Clarke 2011)

‘The slightly one-dimensional approach to the mystery means that the solution, when it arrives, seems less relevant than **our sorrow in leaving behind the evocative descriptions and evident affection the author has for traditional Galicia and its inhabitants**’ (Clarke 2011)

‘I found Estevez to be an annoying character but he serves the useful purpose of **highlighting the peculiarities of the Galician customs, as they are often as strange to him as they are to us.** (Peckham 2012)

Táboa 12. Exemplos de aspectos estereotipados da cultura galega destacados nas recensións de Domingo Villar

Estes exemplos mostran claramente que os lectores, en xeral, parecen ser conscientes da diferente orixe das obras, ao contrario da hipótese —criticada por Arnold (2016: 237)—, do lector anglófono como un «ethnocentric, parochial reader, indifferent to anything beyond the realms of the familiar». Non obstante, isto ocorre fundamentalmente non polo feito de que se elimine a tradución ou se asimile ou domestique a cultura, senón porque estes libros se len e reciben como guías:

If the local tourist bureau in Galicia hasn't paid Villar something for his work then they should because my overwhelming desire upon finishing the book was to investigate how much it would cost me to fly there and stay a while (Reactions to Reading 2011, a letra grossa é miña).

‘The descriptions of Galicia and the subtle interplay between the characters take the reader right into the action. You can almost smell the plates of seafood, the salty sea breeze and feel the rain in your face blowing in off the Atlantic (Crime Scraps 2011, a letra grossa é miña).

Isto implica que non só haxa un claro proceso de exotismo das obras —incluso conscientemente, xa que os lectores empregan os libros como unha forma de «armchair travelling» (Saldanha 2018)— senón tamén que se centre a atención, a un nivel moito máis emocional, no compromiso coa literatura de Villar. Os lectores, cando se implican cun texto, experimentan un proceso que abarca tres aspectos: a resposta emocional ao texto, a resposta ao seu contexto (as súas influencias e o horizonte de expectativas) e a súa apreciación intelectual do texto (Chan 2010/2014). As recensións dos libros de Villar mostran que os lectores tenden a implicarse e gozar moito máis cos elementos sensoriais e emocionais da obra que co seu valor literario, como acontece no caso de Rivas, e que participan na cultura de orixe como turistas que viaxan a un novo lugar. Deste xeito, o mundo ficticio construído por Villar actúa como un retrato dun mundo ‘real’ que, en última instancia, existe nas mentes dos lectores anglófonos.

Conclusiones

Este artigo propónse estudar as percepcións e actitudes cara os autores Manuel Rivas e Domingo Villar no mundo anglófono. Estes foron seleccionados por seren os autores que máis recensións teñen entre o público obxectivo, o que indica que están chegando a un público máis amplo que outras traducións da narrativa galega. De feito, o propio proceso de tradución da literatura galega, que depende en gran medida dos fondos institucionais para a tradución e que conta con moi poucos fondos asignados á distribución dos libros, indica que a prioridade da publicación da narrativa galega noutras linguas podería non estar centrada no público destinatario. Das 24 novelas traducidas do galego ao inglés no período 2000-2018, só os dous autores analizados neste estudo recibiron as recensións suficientes para indicar que se alcanzou un número significativo de lectores.

Como xa se comentou nos anteriores apartados, estes dous autores contribúen á literatura galega de formas moi diferentes: Rivas escribe obras de literatura de alto nivel que tratan períodos históricos ou aspectos culturais específicos de Galicia mentres que Villar escribe narrativa policial que se caracteriza por un ritmo narrativo rápido. Aínda que a súa representación de Galicia e a cultura galega difire, ambos teñen un sentido de apego ao lugar moi forte. Espérase que os lectores reciban estas obras de forma diferente e que se impliquen con elas de maneira específica.

Unha vez realizada a análise textual das recensións, observamos o seguinte: aínda que ambos autores sitúanse en diferentes puntos do continuo homoxenización-heteroxenización-exotismo, ningunha das súas obras está totalmente homoxeneizada nas culturas anglófonas ás que chegan. Sempre se presentan como traducións e se destaca a súa cultura de orixe aínda que de dúas formas diferentes. No caso de Rivas, existe unha tendencia de que os lectores empregan a literatura galega traducida como ponte para acceder á cultura (galega ou española) e, así, coñecela. Estes lectores, en moitos casos, botan man de territorios coñecidos e comparacións (por exemplo Irlanda, Gales ou o mundo celta) para construír o seu horizonte de expectativas. Estas recensións achegan unha comprensión máis detallada das especificidades da obra de Rivas

e da cultura galega e avalían a calidade literaria e a situación do autor. Aínda que Rivas gañou status no panorama literario español e, ás veces, preséntase como un escritor español, a maioría das recensións seguen centrándose na súa galegitude e o seu compromiso coa cultura.

O caso de Villar presenta un panorama diferente; os lectores empregan a narrativa estranxeira (en concreto a narrativa policial) como ‘travel guide’ ou ‘armchair traveling’ (Saldanha 2018). Neste caso, ademais de destacar os aspectos máis estereotipados da cultura, as recensións céntranse nun enfoque moito máis emocional das novelas e nos aspectos sensoriais que achega a gastronomía ou as descrições das paisaxes. Polo tanto, preséntase unha versión moito máis exótica da cultura e do territorio, que se mostra como unha ferramenta de evasión e como un enfoque moito máis superficial dunha nova cultura que, en última instancia, perpetúa as nocións de Galicia como unha rexión tradicional impregnada no pasado.

Bibliografía das recensións

- 1STREADING. 2013. «All is Silence». *1 Streading's Blog*, 11 de agosto. Dispoñible en: <https://1streading.wordpress.com/2013/08/11/all-is-silence/> [Data de consulta: 19/04/2020].
- BASILIÈRES, M. 2013. «All is Silence, by Manuel Rivas. Review». *The Toronto Star*, 9 de agosto. Dispoñible en: https://www.thestar.com/entertainment/books/2013/08/09/all_is_silence_by_manuel_rivas_review.html [Data de consulta: 14/10/2020].
- BATTERSBY, E. 2014. «A moral thriller driven by small town menace: All Is Silence». *The Irish Times*, 21 de xuño. Dispoñible en: <https://www.irishtimes.com/culture/books/a-moral-thriller-driven-by-small-town-menace-all-is-silence-1.1836756> [Data de consulta: 19/04/2020].
- . 2016. «The Low Voices by Manuel Rivas review: hits the high notes». *The Irish Times*, 17 de xullo. Dispoñible en: <https://www.irishtimes.com/culture/books/the-low-voices-by-manuel-rivas-review-hits-the-high-notes-1.2723754> [Data de consulta: 19/04/2020].
- BOOKS ON SPAIN, 2011. «Guest blog! Mr Books-On-Spain on Domingo Villar's Water-blue eyes (Ojos de agua)». *Books on Spain*, 29 de xaneiro. Dispoñible en: <https://booksonspain.wordpress.com/2011/01/29/guest-blog-mr-books-on-spain-on-domingo-villars-water-blue-eyes-ojos-de-agua/> [Data de consulta: 19/04/2020].
- BROOKS, Z. 2015. «The Carpenter's Pencil by Manuel Rivas», *Magic Realism Books*, 11 de xuño. Dispoñible en: <https://magic-realism-books.blogspot.com/2015/06/the-carpenters-pencil-by-manuel-rivas.html> [Data de consulta: 14/10/2020].
- CHISHOLM, K. 2012. «Death on a Galician Shore – Domingo Villar». *AustCrime*, 2 de novembro. Dispoñible en: <https://www.austricrimefiction.org/index.php/review/death-galician-shore-domingo-villar> [Data de consulta: 14/10/2020].
- CLARKE, M. 2010. «Book Review: Water-blue Eyes by Domingo Villar». *Petrona*, 26 de maio. Dispoñible en: <https://petrona.typepad.com/>

- petrona/2010/05/book-review-waterblue-eyes-by-domingo-villar.html [Data de consulta: 14/10/2020]
- . 2011. «Villar, Domingo. ‘Death on a Galician Shore». *Eurocrime, abril*. Dispoñible en: http://www.eurocrime.co.uk/reviews/Death_on_a_Galician_Shore.html [Data de consulta: 14/10/2020]
- CLASSIC MYSTERY. 2011. «Water-blue Eyes (Ojos de Agua) (2006) by Domingo Villar». *Classic Mystery*, 29 de xaneiro. Dispoñible en: <https://classicmystery.blog/2011/01/29/water-blue-eyes-ojos-de-agua-by-domingo-villar/> [Data de consulta: 14/10/2020]
- CURIOUS BOOK FANS, 2011. «Water-blue Eyes, by Domingo Villar», *Curious Book Fans*, 2011. Dispoñible en: <http://www.curiousbookfans.co.uk/2011/fiction-books/8636/water-blue-eyes-domingo-villar> [Data de consulta: 19/04/2020].
- EAUDE, M. 2013. «Review: All is Silence, by Manuel Rivas». *Independent*, 19 de xuño. Dispoñible en: <https://www.independent.co.uk/arts-entertainment/books/reviews/review-all-is-silence-by-manuel-rivas-harvill-secker-1699-8664126.html>. [Data de consulta: 19/04/2020].
- FRANCE, M. 2016. «They do the war in different voices». *TLS*, 30 de setembro. Dispoñible en: <https://www.the-tls.co.uk/articles/they-do-the-war-in-different-voices/> [Data de consulta: 14/10/2020].
- GUNN, D. W. 2010. «Water-blue eyes». *Reviewing the Evidence*, decembro. Dispoñible en: <http://www.reviewingtheevidence.com/review.html?id=8729> [Data de consulta: 14/10/2020]
- . 2011. «Death on a Galician Shore». *Reviewing the Evidence*, xullo. Dispoñible en: <http://www.reviewingtheevidence.com/review.html?id=8972> [Data de consulta: 14/10/2020]
- HARPER, G. 2009. «From Galicia: Water-blue Eyes, Domingo Villar». *International Noir*, 2 de xaneiro. Dispoñible en: <https://internationalnoir.blogspot.com/2009/01/from-galicia-water-blue-eyes-domingo.html> [Data de consulta: 14/10/2020]
- . 2009. «Death on a Galician Shore, by Domingo Villar». *International Noir*, 13 de maio. Dispoñible en: <http://internationalnoir.blogspot.com/2011/05/death-on-galician-shore-by-domingo.html> [Data de consulta: 14/10/2020]
- KERRIGAN, M. 2013. «All is Silence by Manuel Rivas – review». *The Guardian*, 21 de xuño. Dispoñible en: <https://www.theguardian.com/books/2013/jun/21/all-is-silence-rivas-review> [Data de consulta: 19/04/2020].
- KIRKUS REVIEWS. 2011. «The Carpenter’s Pencil», *Kirkus Reviews*, maio. Dispoñible en: <https://www.kirkusreviews.com/book-reviews/manuel-rivas/the-carpenters-pencil/> [Data de consulta: 14/10/2020]
- KITCHIN, R. 2010. «Review of Water-Blue Eyes by Domingo Villar». *The View from the Blue House*, 5 de xullo. Dispoñible en: <https://theviewfromthebluehouse.blogspot.com/2010/07/review-of-water-blue-eyes-by-domingo.html> [Data de consulta: 14/10/2020]

- MARX, D. 2013. «All is Silence». *David Marx Book Reviews*, 25 de xuño. Dispoñible en: <https://davidmarxbookreviews.wordpress.com/2013/06/25/all-is-silence/> [Data de consulta: 14/10/2020]
- MERRITT, S. 2001. «Lead in his Pencil». *The Guardian*, 28 de xaneiro. Dispoñible en: <https://www.theguardian.com/books/2001/jan/28/fiction.reviews1> [Data de consulta: 14/10/2020]
- MIRA, N. 2014. «Death on a Galician Shore – Domingo Villar». *Thriller Books Journal*, 23 de abril. Dispoñible en: <http://www.thrillerbooksjournal.com/death-galician-shore-domingo-villar/> [14/10/2020]
- O'connell, J. 2011. «Thriller review roundup». *The Guardian*, 23 de abril. Dispoñible en: <https://www.theguardian.com/books/2011/apr/23/crime-thrillers-review-roundup> [Data de consulta: 14/10/2020]
- PECKHAM, M. 2012. «Villar, Domingo – ‘Death on a Galician Shore’». *Eurocrime*, xullo. Dispoñible en: http://www.eurocrime.co.uk/reviews/Death_on_a_Galician_Shore_2.html [Data de consulta: 14/10/2020]
- PRICE, N. 2011. «Death on a Galician Shore: Domingo Villar». *Crime Scrap Review*, 28 de abril. Dispoñible en: <https://crimescrap2.wordpress.com/2011/04/28/death-on-a-galician-shore-domingo-villar/> [Data de consulta: 14/10/2020]
- PUBLISHERS WEEKLY. 2001. «The Carpenter’s Pencil». *Publishers Weekly*, maio. Dispoñible en: <https://www.publishersweekly.com/978-1-58567-145-8> [Data de consulta: 14/10/2020]
- .2005. «In the Wilderness». *Publishers Weekly*, xullo. Dispoñible en: <https://www.publishersweekly.com/978-1-58567-467-1> [Data de consulta: 19/04/2020].
- .2012. «Death on a Galician Shore». *Publishers Weekly*, decembro. Dispoñible en: <https://www.publishersweekly.com/978-0-349-12342-4> [Data de consulta: 14/10/2020]
- REACTIONS TO READING. 2011. «Review: Water-Blue Eyes by Domingo Villar». *Reactions to Reading*, 26 de xuño. Dispoñible en: <https://reactionstoreading.wordpress.com/2011/06/26/review-water-blue-eyes-by-domingo-villar/> [Data de consulta: 19/04/2020].
- .2011. «Review: Death on a Galician Shore by Domingo Villar». *Reactions to Reading*, 20 de xullo. Dispoñible en: <https://reactionstoreading.wordpress.com/2011/07/20/review-death-on-a-galician-shore-by-domingo-villar/> [Data de consulta: 14/10/2020]
- RIBEIRO DE MENEZES, A. 2010. «Overcoming the bleakest of situations». *The Irish Times*, 4 de abril. Dispoñible en: <https://www.irishtimes.com/culture/books/overcoming-the-bleakest-of-situations-1.653668> [Data de consulta: 14/10/2020]
- SANSOM, I. 2003. «Call of the wild». *The Guardian*, 15 de marzo. Dispoñible en: <https://www.theguardian.com/books/2003/mar/15/featuresreviews.guardianreview17> [Data de consulta: 19/04/2020].
- STELFOX, D. 2011. «Books Burn Badly by Manuel Rivas. An exploration of symbolic violence in the Spanish Civil War». *The National*, 25 de

- febreiro. Disponível em: <https://www.thenational.ae/arts-culture/books/books-burn-badly-by-manuel-rivas-1.458360> [Data de consulta: 19/04/2020].
- THE BOOKBAG. 2013. «All is Silence» *The Bookbag*, 2013. Disponível em: http://www.thebookbag.co.uk/reviews/index.php?title=All_Is_Silence_by_Manuel_Rivas [Data de consulta: 19/04/2020].
- THE NEWSROOM. 2010. «Book Review: Books Burn Badly». *The Scotsman*, 5 de marzo. Disponível em: <https://www.scotsman.com/arts-and-culture/books/book-review-books-burn-badly-2461362> [Data de consulta: 19/04/2020].
- THE TIMES. 2011. «Death on a Galician Shore by Domingo Villar». *The Times*, 21 de abril. Disponível em: <https://www.thetimes.co.uk/article/death-on-a-galician-shore-by-domingo-villar-mnfw83x0bxw> [Data de consulta: 14/10/2020].
- TORRES, D. 2011. «Death on a Galician Shore by Domingo Villar». *A Work in Progress*, 2 de maio. Disponível em: <https://danitorres.typepad.com/workinprogress/2011/05/death-on-a-galician-shore-by-domingo-villar.html> [Data de consulta: 14/10/2020].
- WINSTON'S DAD. 2010. «The Carpenter's Pencil, by Manuel [sic] Rivas». *Winston's Dad*, 20 de abril. Disponível em: <https://winstonsdad.wordpress.com/2010/04/20/the-carpenter-pencil-by-manuel-rivas/> [Data de consulta: 19/04/2020].
- . 2013. «All is Silence by Manuel Rivas». *Winston's Dad*, 13 de outubro. Disponível em: <https://winstonsdad.wordpress.com/2013/10/06/all-is-silence-by-manuel-rivas/> [Data de consulta: 19/04/2020].
- YEE, D. 2004. «In the Wilderness. Manuel Rivas. Translated from the Galician by Jonathan Dunne», *Danny Reviews*, xaneiro. Disponível em: <http://dannyreviews.com/h/Wilderness.html> [Data de consulta: 14/10/2020].

Bibliografia das obras

- ALLEN, E. 2007. *Ser traduït o no ser (To be translated or not to be)*. Barcelona: Institut Ramon Llull.
- ARNOLD, J. 2016. *Translating National Identity: The translation and reception of Catalan literature into English*. University of Birmingham: Unpublished PhD thesis.
- BERMAN, A. 2009. *Toward a Translation Criticism*. Kent, Ohio: Kent State University Press, 2009.
- BIELSA, E. 2013. «Translation and the international circulation of literature». En *The Translator*, Vol. 19:2, pp. 157-181.
- BOASE-BEIER, J. 2015. *Translating the Poetry of the Holocaust: Translation, Style and the Reader*. London: Bloomsbury Academic, 2015.
- BÜCHLER, A. & Trentacosti, G. 2015. *Publishing translated literature in the United Kingdom and Ireland: 1990-2012: Statistical report*. Aberystwyth: Literature Across Frontiers.
- CASANOVA, P. 2007. *The World Republic of Letters*. Translated by Malcolm De Bevoise. Cambridge: Harvard University Press, 2007.

- CASTRO, O. 2006. «Seguindo a pegada de Plácido Castro: O labor universalizador da literatura galega na actualidade. A súa tradución ao inglés». En *Congreso sobre Plácido Castro*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2006.
- CASTRO, O. & Linares, L. 2019. «The circuits of translation: Basque, Catalan and Galician fiction in the UK (2000-2015)». *Association of Hispanists of Great Britain and Ireland Conference*, Durham University 8/04/2019 – 10/04/2019. [Presentación oral].
- CHAN, T. H. 2010/2014. *Readers, Reading and Reception of Translated Fiction in Chinese: Novel Encounters*. New York: Routledge.
- CID, X. 2009. «Interview. Domingo Villar; autor de *Water-blue eyes (2008)*». En *Galicia 21*. Vol. A, pp. 90-94.
- CONNOR, P. 2014. «Reading literature in Translation». En BERMANN, S. & PORTER, C. (eds.) *A Companion to Translation Studies*. Chichester: Wiley Blackwell, 2014.
- D'EGIDIO, A. 2015. «How readers perceive translated literary works: an analysis of reader reception». En *Lingue e Linguaggi*, Vol. 14, pp. 69-82.
- DUNNE, J. 2020. «Sobre a progresiva diminución do apoio institucional á tradución en Galicia». Mundo Adiante, May 14. Dispoñible en: <http://mundoadiante.blogspot.com/2020/05/sobre-progresiva-diminucion-do-apoyo.html> [Data de consulta: 14/10/2020]
- FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, A. 2010. «La traducción en Galicia y la industria editorial (1980-2008)». En: Gallén, Enric, Lafarga, Francisco & Luis Pegenaute (eds.) *Traducción y autotraducción en las literaturas ibéricas*. Series: Relaciones Literarias en el Ámbito Hispánico. Vol. 2. Berna: Peter Lang, 2010.
- FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, A., Galanes Santos, I., Luna Alonso, A. & Montero Küpper, S. (2011) «A literatura galega en inglés. Unha realidade emerxente». *Grial*. Revista Galega de Cultura, Vol. 191, T XLIX, 2010.
- JAUSS, H. R. 1982. *Toward an Aesthetic of Reception*. Minneapolis: University of Minnesota Press, 1982.
- LINARES, L. 2019. «Rhetorical Translations? Attitudes towards Galician literature in English. *Association of Hispanists of Great Britain and Ireland Conference*», Durham University 8/04/2019 – 10/04/2019. [Presentación oral].
- LUNA ALONSO, A. 2005 «A literatura galega traducida no estranxeiro: un intercambio desigual» *Grial*. Revista Galega de Cultura, Vol. 167, 2005.
- LUNA ALONSO, A., Montero Küpper, S. & Valado Fernández, L. (eds.) 2015. *Literaturas extranjeras y desarrollo cultural*. Bern: Peter Lang, 2005.
- . 2011. *Translation quality assessment policies from Galicia*. Bern: Peter Lang, 2011.
- . 2012. *Traducción de una cultura emergente. La literatura gallega contemporánea en el exterior*. Bern: Peter Lang, 2012.

- MANSELL, R. 2017. «Where do borders lie in translated literature? The case of the changing English-language market». En *TranscUlturAl: A Journal of Translation and Cultural Studies*, Vol. 9, no. 2, pp. 47-47.
- NOIA, C. 2006. «Tradución ao galego e do galego. A tradución de obras da literatura galega». En *Gran Enciclopedia galega*. Silverio Cañada (ed.), Vol. 44. Lugo: El Progreso, 2006.
- NILSSON, L. et al. 2017. *Crime Fiction as World Literature*. London/New York: Bloomsbury.
- REISS, K. & VERMEER, H. J. 1984/2013. *Towards a General Theory of Translational Action: Skopos Theory Explained*, translated by C. Nord, English reviewed by M. Dudenhöfer. Manchester: St Jerome, 2013.
- SALDANHA, G. 2018. «Literary tourism: Brazilian literature through anglophone lenses». En *Translation Studies*, Vol. 11:3, pp. 245-260.
- SERRA PORTEIRO, E. 2015. *Performing Irishness: Translations of Irish Drama for the Galician State (1921-2011)*. University College Cork: Unpublished PhD thesis.
- SCHLEIERMACHER, F. 1813/2012. «On the different methods of translating». En Venuti, L. (ed.) *Translation Studies Reader* (3rd Ed.). London: Routledge, 2012.
- TOURY, G. 1995. *Descriptive Translation Studies and Beyond*. Amsterdam: John Benjamins, 1995.
- VENUTI, L. 1998. *The Scandals of Translation. Towards and Ethics of Difference*. London, Routledge, 1998.
- . 2004. «How to Read a Translation», *Words Without Borders* [Online]. Disponible en: <http://wordswithoutborders.org/article/how-to-read-a-translation>. [Data de consulta: 19/04/2020].
- VIMR, O. 2019. «Supply-driven translation: compensating for lack of demand». En Rajendra, C., Stougaard-Nielsen, J. & Milutinovic, Z. (eds.). *Translating the Literatures of Small European Nations*. Liverpool University Press, 2019.
- ZHAO, W. 2009. «Literary criticism and the creation of Ibsen's image in China». En *Perspectives*, Vol. 17:3, pp. 137-149.